



Asunto: alcance do estudo de impacto ambiental e trámites na avaliación de impacto ambiental ordinaria

Proxecto: parque eólico Cunca

Solicitante: Green Capital Power, SL

Localización: concello de Vila de Cruces (Pontevedra)

Clave: 2020/0011

S/Expte.: IN408A 2019/02

Como continuación do noso oficio do 21.04.2020, achégolle información sobre o alcance do estudo de impacto ambiental que ten que elaborar o promotor e sobre diversos trámites que o órgano substantivo ten que realizar na avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1. Documento de alcance do estudo de impacto ambiental (EsIA)

A avaliación de impacto ambiental (AIA) deste proxecto está suxeita á aplicación da Lei 9/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 294, do 06.12.2018), pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que se terán en conta integramente as modificacións introducidas nela pola dita lei.

A efectos do disposto no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a continuación figuran unha serie de consideracións sobre a amplitude e nivel de detalle que debe ter o EsIA, as cales deberanlle ser trasladadas ao promotor por ese órgano substantivo:

1.1. O contido do EsIA axustarase ao especificado no artigo 35 e no anexo VI da citada Lei 21/2013.

No que se refire á información confidencial estarase ao sinalado no artigo 15 e no que respecta á capacidade técnica e responsabilidade do autor do estudo, ao disposto no artigo 16 da dita lei, que recolle que os documentos terán que ser elaborados por persoal que posúa a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior, e terán a calidade e exhaustividade necesarias para acadar o seu cometido. Deberase identificar ao seu autor ou autores, con indicación da súa titulación e, de ser o caso, a profesión regulada e figurará a data de conclusión. Os autores serán responsables do contido e a fiabilidade dos documentos. Así mesmo, solicítase que todas as sinaturas que figuren nos documentos sexan electrónicas.

1.2. Ademais do anterior, o estudo deberá ter en conta o resultado das consultas realizadas en virtude do artigo 34 antes citado, que incluíron as seguintes administracións e organizacións:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Saúde Pública
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia Turismo de Galicia
- Augas de Galicia
- Concello de Vila de Cruces
- Federación Ecoloxista Galega
- Sociedade Galega de Historia Natural
- Sociedade Galega de Ornitología

Para tal fin, achégolle xunto con este oficio as respostas recibidas ata a data, que foron as seguintes:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Saúde Pública





- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia Turismo de Galicia
- Augas de Galicia
- Concello de Vila de Cruces
- Sociedade Galega de Historia Natural

Se se reciben máis respostas con posterioridade á emisión deste oficio, enviaránselle para que llas achegue ao promotor e, se lle resulta posible polo prazo de remisión, as teña en conta na redacción do EsIA.

1.3. Outros aspectos a ter en conta na elaboración do EsIA son os seguintes:

- a. Incluirá un anexo no que se especifique claramente como se tiveron en conta as respostas e achegas recibidas na fase de consultas e os aspectos que figuran neste documento de alcance.
- b. No referente ao apartado de descrición do proxecto, sen prexuízo dos planos xerais ou de detalle que se consideren oportunos, incluírase un plano de planta a escala 1:5.000, referenciado en coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N) no que se reflectan todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, diferenciando claramente (en cores ou grafía) os vieiros de nova construción daqueles existentes a aproveitar/acondicionar, indicando na lenda a lonxitude de cada tipo, así como a das gabias do cableado. No plano figurará tamén a poligonal do parque, a localización da zona ou zonas destinadas a instalacións de obra e parque de maquinaria e unha indicación do punto ou puntos de acceso ao parque. Incluirá unha táboa coas coordenadas UTM dos aeroxeradores, subestación e torre meteorolóxica, de ser o caso.

Completarase a información gráfica do proxecto cunha superposición deste sobre ortofotografía aérea.

Outros datos a incluír neste apartado son: cronograma estimado das actuacións (fase de obras, explotación e abandono, indicando vida útil), inversión prevista e información básica sobre a infraestrutura de evacuación de enerxía, indicando en que estado de tramitación administrativa se atopa.

- c. Análise de alternativas: o apartado de análise e valoración de alternativas deberá conter unha xustificación razoada da solución adoptada tendo en conta os efectos ambientais e, se é o caso, as cuestións suscitadas na fase de consultas. Incluirase unha representación cartográfica das distintas alternativas consideradas.
- d. O inventario de fauna e vexetación deberá ser exhaustivo, empregará referencias bibliográficas e cartografía actualizadas e estará apoiado en traballo de campo coa maior cobertura anual posible, achegando información cualitativa e cuantitativa. Indicarase o grao de protección legal de cada especie en base á normativa máis actualizada dispoñible á data de elaboración do EsIA. Teranse en conta tamén todos os instrumentos de protección ou plans de conservación/recuperación de especies no ámbito de estudo.

Respecto á avifauna, delimitaranse zonas de paso ou rutas migratorias, áreas de campeo e aniñamento e outros puntos de concentración (durmidoiros, vertedoiros, humidais, áreas de alimentación, etc.). En base ao anterior, definirase o plan de vixilancia de avifauna, para o cal danse máis detalles noutro punto deste informe.

Non se esquecerán outros grupos faunísticos potencialmente vulnerables ao proxecto (por efecto barreira, atropelos, colisións ou outros), ben sexa na fase de obras, ben na de funcionamento: anfibios, réptiles, morcegos e outros mamíferos, etc.

A proposta de medidas protectoras e/ou correctoras deberá ser específica para cada grupo faunístico e estará debidamente xustificada.





No tocante á vexetación, incorporárase cartografía de detalle da vexetación real afectada a escala suficiente para a súa correcta avaliación, complementada con ortoimaxes sobre as que se superpoñan os distintos elementos que conforman o proxecto. Para os hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios, incluírase cartografía onde figuren as teselas correspondentes a cada un deles e información completa sobre o seu estado de conservación actual.

- e. Espazos naturais protexidos: independentemente da distancia á que se sitúen, deberán indicarse os espazos protexidos máis próximos á área do parque, en calquera das categorías contempladas na normativa autonómica ou estatal de protección de espazos naturais. Teranse en conta tamén outras figuras como humidais do Inventario Galego de Humidais, áreas importantes para as aves (IBA), árbores ou formacións senlleiras, etc. Incluírase un plano temático ao respecto.

Todo iso sen detrimento de calquera outra zona salientable desde o punto de vista ambiental que puideran existir na área ou nas súas inmediacións.

En relación a estes espazos ou a calquera outro do seu contorno, o EsIA incluírá unha análise e valoración do posible impacto do proxecto sobre os valores polos que ostenten as súas respectivas figuras de protección ou catalogación. Proposta específica de medidas protectoras e/ou correctoras e de vixilancia ambiental se é o caso.

- f. Deberá incorporar un estudo acústico baseado en método científico de común aceptación ou ferramenta informática de uso habitual en parques eólicos. Terase en conta o nivel sonoro específico do modelo de aerogenerador que se ten previsto instalar. Todas as medicións acústicas, tanto as da campaña preoperacional como as do programa de vixilancia ambiental, deberán ser efectuadas a través de entidade acreditada mediante norma UNE – EN ISO 17025. Nos puntos de control que se seleccionen para o seguimento as medicións levaranse a cabo no contorno das vivendas ou edificacións máis próximas aos aerogeneradores/subestación, para considerar así os puntos potencialmente máis vulnerables.
- g. No que atinxe á avaliación dos posibles efectos do proxecto en relación co efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker*, toda vez que no contorno dos aerogeneradores existen poboacións, vivendas illadas ou outros emprazamentos sensibles nunha distancia correspondente a 10 veces o diámetro do rotor do aerogenerador, o EsIA deberá conter un apartado específico no que se efectúe unha descrición, análise e, se procede, cuantificación dos efectos previsibles do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co factor indicado. Conterá así mesmo unha revisión da lexislación, normas, recomendacións ou outras disposicións que existan ao respecto, unha proposta xustificada de medidas protectoras, correctoras ou compensatorias se é o caso e unha xustificación da consideración ou non deste factor entre os aspectos obxecto do programa de vixilancia ambiental. Así mesmo, neste eido, consideraranse tamén os campos electromagnéticos.
- h. Tal e como indica o Instituto de Estudos do Territorio na súa resposta, de acordo co artigo 11 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, o EsIA deberá incluír un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), documento específico no que avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. Incorporaranse as análises, diagnoses, valoracións e /ou modelizacións e as medidas protectoras ou correctoras que dean resposta ás cuestións sinaladas polo dito organismo.
- i. De acordo co indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na súa resposta, o estudo de impacto ambiental conterá unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural. Neste sentido, terase en conta o indicado na resposta recibida, que recolle entre outras cuestións, que deberán realizarse diversas actuacións arqueolóxicas que terán que contar coa autorización da dita dirección xeral.





- j. Deberá contar cun estudo de impacto turístico tendo en conta as cuestións indicadas pola Axencia Turismo de Galicia no seu informe.
- k. Análise e valoración, en relación a todos os elementos do medio físico, biótico e perceptual, dos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con outros parques eólicos en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental nun contorno de como mínimo 5 km (que se ampliará ata os 10-15 km nalgún factor concreto como por exemplo o visual). Teranse en conta, na medida en que estean definidos, outros posibles parques eólicos previstos nese contorno (en especial se son do mesmo promotor, como por exemplo os parques eólicos Axóuxere e Rodeira), así como, de ser o caso, as infraestruturas de evacuación de enerxía. En todo caso, o promotor deberá solicitarlle ao órgano substantivo información completa ao respecto.

Determinarase a necesidade ou non de medidas protectoras ou correctoras ao respecto e contemplarase a inclusión deste tipo de efectos entre os aspectos obxecto de control no programa de vixilancia ambiental, tal e como se indica noutro punto deste informe. Inclúirase un plano a escala axeitada onde se identifiquen todos os proxectos implicados, indicando ou reflectindo titulares, poligonais, aeroxeradores e subestacións ou centros colectores e para as liñas de evacuación, voltaxes e puntos de inicio e fin de cada unha.

- l. Entre os factores a considerar na descrición, análise e valoración dos posibles efectos do proxecto non se esquecerá o cambio climático. Temática na que se encadran as fontes de enerxía renovable, entre as que se atopa o aproveitamento eólico.
- m. Descrición, análise e valoración dos posibles efectos do proxecto sobre a hidromorfloxía das masas de augas superficiais ou a alteración do nivel nas masas de auga subterránea.
- n. No que respecta ao ámbito, a identificación, descrición, análise e se procede, cuantificación dos efectos esperados sobre o medio ambiente como consecuencia da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no proxecto, o risco de que ditos accidentes ou catástrofes se produzan, e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente no caso de que ocorran, o EslA deberá conter un apartado específico no que se dea resposta ao sinalado no informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- o. O plan de restauración e revexetación deberá considerar todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras: marxes dos vieiros, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores (pódese deixar un camiño de acceso á porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento ordinario), contorno da subestación/edificio de control e torres meteorolóxicas se é o caso, parque de maquinaria e área de casetas de obra, zonas de amoreamento de materiais ou residuos, áreas de préstamos e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se é o caso, etc. Inclúirá así mesmo as actuacións básicas na fase de desmantelamento e abandono do parque ao final da súa vida útil, co obxecto de recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Preverase unha restauración progresiva, conforme as distintas superficies a revexetar vaian quedando rematadas, para acadar unha integración paisaxística o máis pronto posible. Debe terse presente que todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.

- p. O programa de vixilancia e seguimento ambiental considerará como mínimo o control de niveis sonoros, afeccións á avifauna e quirópteros, funcionamento da rede de drenaxes do parque, evolución dos labores de restauración e integración paisaxística, control de posibles afeccións a outra fauna (réptiles, anfibios, outros mamíferos,...) por risco de atropelo ou efecto barreira (incluíndo controis de atrapamento e





mortalidade nos foxos dos pasos canadenses ou nas taxearas e outras estruturas da rede drenaxe), así como, de ser o caso, a flora de interese e os hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios. En función do estudo particularizado da zona, e sen prexuízo doutros controis que finalmente puideran resultar necesarios, valorarase a necesidade de realizar controis da calidade das augas. O programa permitirá comprobar a eficacia e evolución das actuacións de restauración e integración paisaxística e de todas as medidas protectoras, correctoras ou compensatorias adoptadas. A proposta metodolóxica, puntos de control, frecuencias, límites legais, limiares de alerta, etc., deberán estar debidamente documentados e xustificados en todos os casos.

Considerarase tamén un plan de vixilancia xeral para todos aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos e un plan de vixilancia de posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con outros proxectos da mesma natureza na zona (fosen ou non considerados previamente na documentación), conforme se desprende do apartado deste informe.

No caso concreto do plan de seguimento de avifauna (e no de quirópteros naquilo que resulte aplicable), teranse en conta as seguintes cuestións:

- Deberán realizarse os estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxios (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etc., co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos producidos pola instalación e presenza do parque eólico. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir, na medida do posible, o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección.
- Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, contemplando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aeroxeradores e a detección de morte por colisión. Describirase a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e a súa variación estacional, e a dun estudo de voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo).

Incluírase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etc.) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.

- Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.
- Definiranse as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, entre as que se poden contemplar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, pintado das pas con patróns que incrementen a súa visibilidade, eliminación de gando morto (ou cubrición ata a súa retirada) para evitar atracción de aves preeiras, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, establecemento de períodos de parada técnica dos aeroxeradores no caso de alcanzarse limiares de risco, instalación de disuasores automáticos, etc.





- Describírase o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (contemplando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.
- q. Reportaxe fotográfica da zona, dos principais elementos de interese ambiental e como mínimo dos puntos de instalación de cada aeroxerador e da subestación/edificio de control e torres meteorolóxicas, de ser o caso.

2. Trámites a realizar

De conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 33 da Lei 21/2013, o órgano substantivo realizará, dentro do procedemento de autorización do proxecto, os trámites de información pública e de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

Polo tanto, unha vez dispoña do EslA elaborado polo promotor coas indicacións do punto 1 deste oficio, someterase a información pública, conxuntamente co proxecto de execución, segundo o disposto no artigo 36 e realizaranse as consultas de acordo co establecido no artigo 37, tendo en conta o indicado a continuación.

Ao abeiro do artigo 36.3 da referida Lei 21/2013 e consonte os principios da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o órgano substantivo dispoñerá os medios necesarios para que a documentación que deba someterse a información pública estea tamén accesible a través da páxina web da Xunta de Galicia.

Por outra banda, deberá ter en conta que de acordo co artigo 35.4 da lei, o EslA perderá a súa validez se no prazo dun ano desde a data da súa conclusión o promotor non o tivera presentado ante o órgano substantivo para a realización da información pública e das consultas.

No que respecta ás consultas sobre o EslA (e calquera outra documentación relevante sobre o proxecto segundo o disposto no citado artigo 37), considérase que o órgano substantivo debería solicitar como mínimo os seguintes informes, sen prexuízo de que estime oportuno engadir algún outro:

- **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, en relación coa afección do proxecto a elementos do patrimonio cultural, tanto arqueolóxico como arquitectónico e etnográfico, e medidas protectoras e/ou correctoras que se deben adoptar.
- **Dirección Xeral de Patrimonio Natural**, sobre o inventario ambiental e as posibles afeccións do proxecto aos valores naturais do conxunto da zona, medidas a adoptar para a súa protección e conservación, efectos acumulativos ou sinérxicos con outros proxectos na zona, idoneidade das medidas protectoras e correctoras e o plan de vixilancia ambiental, así como sobre calquera outra cuestión que estimen oportuna no ámbito das súas competencias.
- **Instituto de Estudos do Territorio**, en relación co estudo de impacto e integración paisaxística e calquera outra cuestión que estimen oportuna no ámbito das súas competencias.
- **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior** (Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil), en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no proxecto, o risco de que ditos accidentes ou catástrofes se produzan e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente no caso de que ocorran, ou de ser o caso sobre o informe xustificativo da non aplicación.





- **Dirección Xeral de Saúde Pública**, sobre os posibles riscos do proxecto para a saúde humana e, en xeral, os impactos sobre a poboación así como, no seu caso, medidas protectoras ou correctoras que garantan a protección desta e, de consideralo necesario, controis a requirir para o seguimento da actividade de cara á protección da saúde.
- **Axencia Turismo de Galicia**, en relación coa posible incidencia do proxecto sobre os valores turísticos da zona, así como medidas protectoras ou correctoras a adoptar.
- **Augas de Galicia**, sobre as posibles afeccións do proxecto á rede hidrolóxica e á calidade das augas, cruzamentos, paralelismos, medidas protectoras e correctoras, plan de vixilancia ambiental no seu caso, e cumprimento das directrices de planificación hidrolóxica.
- **Concello/s afectado/s**, en relación coas súas competencias en materia ambiental (ruídos, compatibilidade do proxecto con zonas protexidas a nivel local, protección doutros valores naturais de interese local, etc.) así como, de ser o caso en materia de emerxencias, autoprotección e protección civil, e as súas repercusións sobre o medio ambiente.
- **Sociedade Galega de Historia Natural**, ao ter respondido na fase de consultas.
- **Persoas interesadas** segundo o artigo 5 da Lei 21/2013.

No prazo máximo de trinta días hábiles desde a finalización dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA, o órgano substantivo remitirá ao promotor os informes e as alegacións recibidas, para a súa consideración conforme o indicado no artigo 38 da lei.

Co fin de reducir os prazos de tramitación, recoméndase que lle remita ao promotor os informes e as alegacións segundo se vaian recibindo, para que aquel preste a súa conformidade ou formule contestación e achegue a documentación complementaria que no seu caso estime oportuna. E que logo o órgano substantivo lle solicite aos organismos implicados os informes complementarios a que houbese lugar, se é o caso, sobre as ditas contestacións ou a nova documentación. De ser o caso, considerarase o disposto no artigo 38.2.

Concluídos os ditos trámites, o órgano substantivo, tras comprobar o contido do expediente de avaliación de impacto ambiental nos termos do artigo 39.2 da Lei 21/2013, remitirao ao órgano ambiental para que este continúe coa tramitación da avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O expediente de avaliación de impacto ambiental deberá contar como mínimo cos seguintes elementos:

- Un exemplar do documento técnico do proxecto (e as súas addendas se é o caso).
- Un exemplar do estudo de impacto ambiental (e as súas addendas se é o caso).
- A solicitude do promotor de autorización administrativa das instalacións, xunto cos escritos de presentación de toda a documentación que integre o expediente ambiental.
- Os resultados do trámite de información pública (anuncios e certificados de exposición pública e, se é o caso, alegacións ambientais e resposta do promotor).
- Informes emitidos polos organismos consultados, xunto coa copia dos oficios de solicitude dos ditos informes (imprescindible cando non haxa contestación e, nese caso, oficios de reiteración da solicitude), escritos de resposta/conformidade do promotor aos ditos informes e, se é o caso, documentación complementaria e informes adicionais a que houbese lugar.





- Un informe do órgano substantivo (ou da unidade tramitadora) sobre a tramitación ambiental practicada no expediente e calquera outra cuestión que estime oportuna no ámbito das súas competencias.
- Calquera outra documentación ou información que deba engadirse ao expediente como resultado das consultas e trámites realizados, se é o caso.
- Así mesmo, co obxecto de inserilo no seu momento na declaración de impacto ambiental (DIA), o promotor deberá achegar un bosquexo do proxecto, coa seguinte información e características:
 - a) Aparecerán representados e identificados os principais elementos do proxecto: aeroxeradores, vieiros de acceso e servizo e, se é o caso, subestación transformadora/edificio de control/centro colector e torres anemométricas. Tamén figurará a poligonal do parque e a localización prevista da zona de instalacións de obra e parque de maquinaria. A representación de todos os elementos identificados será en cores diferentes.
 - b) Poden incluírse outros elementos salientables que contribúan a localizar o proxecto: entidades de poboación, masas de auga, rede viaria, etc.
 - c) Incluirá os límites dos termos municipais, con indicación do nome.
 - d) Dispoñerá de frecha de orientación do norte, lenda e escala gráfica.
 - e) O bosquexo estará enmarcado nun recadro con coordenadas UTM nos bordos.
 - f) O tipo de arquivo será JPG, PNG ou BMP. Preferiblemente sen capa base, evitando as montaxes sobre capa topográfica. De empregar ortoimaxes, serán de última cobertura. En todo caso, a resolución e o tamaño das fontes serán as adecuadas para unha correcta lexibilidade.
 - g) Indicarase a data de realización do bosquexo (mes e ano).

Unha vez que se reciba o expediente de avaliación de impacto ambiental na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, procederase de acordo co artigo 40 da Lei 21/2013.

Solicítase que nos oficios que nos remitan en relación ao proxecto de referencia cite a nosa clave de expediente, e que o promotor a indique na portada de todos os documentos que elabore no marco desta tramitación.

Nota: Na emisión deste oficio tívose en conta o establecido na Orde do 27 de abril de 2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se acorda o inicio e/ou a continuación da tramitación de determinados procedementos indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos públicos no ámbito desta consellería durante a vixencia do estado de alarma.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Mónica Pérez Medina
Subdirectora xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

